



Concello
de Oleiros

➤ **SERVIZOS SOCIAIS INFORMA**

O día 23/05/2017 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, núm. 95, a convocatoria de bases específicas do procedemento para a **solicitude das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2017/2018**.

¿Qué son as prestacións de apoio á escolarización?:

Son unha das medidas de loita contra a exclusión social, posta en marcha pola Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros, co fin de axudar a aquelas familias, nunha peor situación económica, a asumir os gastos extraordinarios que xenera o inicio do curso escolar nunha familia.

Os importe destas axudas serán:

- 2º ciclo de educación infantil: 70 € (sesenta euros)
- Educación primaria: 80 € (oitenta euros)
- ESO ou ciclo formativo equivalente: 90 € (noventa euros)
- Bacharelato ou ciclo formativo equivalente: 110 € (cento dez euros)

As prestacións concederanse polo sistema de concorrencia competitiva, ata esgotar orzamento. As familias coa renda per cápita mais baixa serán as beneficiarias das ditas axudas.

Prazos:

Vinte días naturais que empezarán a contar dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria no BOP. **O prazo rematará o 12 de xuño (inclusive)**

A publicación da listaxe provisional expoñeranse ao público con todas as solicitudes presentadas e os requirimentos que se fan de documentación naqueles que estean incompletas. **Comunicarase aos solicitantes por SMS**

¿Onde se poden presentar as solicitudes?

No Rexistro Xeral do Concello de Oleiros en horario de 8:30 a 14:00 horas. Tamén naqueles outros rexistros e lugares recoñecidos pola lei 30/92 do Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común.

¿Onde podo obter mais información?

Nas dependencias da Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros sitas na rúa Camilo Díaz Baliño, s/n, a carón da biblioteca de Oleiros, na parte posterior do edificio onde está ubicada a Policía Local. Tamén na web do Concello de Oleiros, no apartado da Concellería de Servizos Sociais.

No caso de ter dúbidas coa documentación, pedir cita indicando que é para estas axudas.

¿Quen pode solicitalas?

Todas aquelas familias veciñas de Oleiros, con fillos escolarizados en centros públicos ou concertados do Concello de Oleiros.

A renda per cápita mensual, resultante de dividir todos os ingresos da unidade familiar, menos os gastos adicados ao aluguer ou hipoteca, ata un máximo de 400 €, dividido entre o número de membros, non poderá ser superior a **346,14 €**.

As persoas beneficiarias das axudas deberán presentar despois da adxudicación, **facturas que xustificuen o gastos realizado**, de non ser así, estarán na obriga de **REINTEGRAR O IMPORTE DA AXUDA**.